

INSTRUCCIÓN DO PROCESO ELECTORAL 2026

A) DÚBIDAS, PUBLICIDADE E NORMATIVA.

Todas as **dúbidas** deben remitirse a elecciones2026.deporte@xunta.gal

A **documentación** que sexa obrigatoria remitir á Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) farase a través da sede electrónica.

As federacións están obrigadas a dar **publicidade** do proceso electoral no seu taboleiro de anuncios e na súa páxina web, nun apartado creado ao efecto denominado **"ELECCIÓN 2026"**.

Normativa de referencia:

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- Lei 3/2025, do 15 de decembro, de modificación da Lei 3/2012.
- Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
- Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.
- Regulamento electoral da federación aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

B) CONVOCATORIA DE ELECCIÓN E REGULAMENTO ELECTORAL.

1. De acordo cos prazos establecidos no Decreto que regula os procesos electorais a **convocatoria das eleccións** realizarase como data límite a primeira semana de **xullo** (límite día 5).

2. Polo tanto, para cumprir os prazos, a **Asemblea Xeral** que aprobe o regulamento de forma provisional, farase como moi tarde na **primeira quincena de maio. Unha vez realizada, o regulamento debe remitirse sen dilación á SXD para a súa aprobación.**

A convocatoria da Asemblea debe facerse cunha antelación mínima de 10 días hábiles.

3. Para acurtar prazos, recoméndase que o **borrador do regulamento electoral e do calendario** se remita á SXD antes do seu envío á Asemblea Xeral, para que deste xeito o proceso de revisión sexa mais curto.

A remisión á SXD do regulamento electoral farase cunha antelación mínima de 45 días á data prevista para a convocatoria das eleccións (ex.: se a convocatoria se fai o 1 de xullo, a remisión para a revisión farase antes do 15 de maio).

Na asemblea xeral na que se aprobe o regulamento electoral é moi recomendable levar como punto da orde do día, a autorización á xunta directiva ou ao presidente da federación, para facer os cambios comunicados pola SXD sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral.



C) CENSO ELECTORAL INICIAL

1. De acordo cos prazos establecidos no Decreto o **censo electoral inicial** debe publicarse con data límite o **28.02.2026**.

- Publicarase no **taboleiro de anuncios** da sede da federación e das súas delegacións e na **páxina web** na sección "ELECCIÓN 2026".
- Deberá estar publicado **durante**, mínimo, **10** días naturais.
- Debe elaborarse por **estamentos**: clubs, deportistas, xuíces/as e árbitros/as, adestradores/as e técnicos/as e outros estamentos se así está previsto estatutariamente, e no seu caso, por **especialidade**.
- Para as **persoas físicas** no censo debe constar: nome, apelidos, enderezo (o do seu club), correo electrónico (o do seu club), nº de licenza federativa, NIF (só con 4 díxitos, ex. XXX1234XX), nome do club, e no seu caso, deportista de alto nivel e especialidade deportiva.
- Para as **entidades deportivas, debe constar**: nome, denominación ou razón social, enderezo, **nº de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia**, correo electrónico, e identificación da persoa representante legal que exercerá o dereito a voto e, cando así proceda, especialidade deportiva. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.
- Cando un/unha deportista, adestrador/a ou xuíz/a poida estar encadrado no censo en varias especialidades, a federación debe encadralo nunha única especialidade; neste suposto a federación debe aplicar o mesmo criterio a todos os supostos. E o mesmo acontece cos clubs.
- Durante os 10 días naturais que estea publicado o censo inicial se poderán realizar ou presentar reclamacións ou rectificacións. A xunta directiva da federación dispón de 5 días naturais para contestalas e realizar os cambios que considere. Despois remitirá á SXD:
 - I.- O **censo electoral inicial** en formato editable (word, excel), xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións.
 - II.- O **listado das competicións oficiais** que se tiveron en conta para a elaboración do censo.

Toda esta información deberá publicarse na páxina web da federación.

- En resumo:
 - 1º) Publícase o censo inicial.
 - 2º) Resólvense as reclamacións.
 - 3º) Remítese a documentación á SXD.
 - 4º) Publícase o censo provisional.

C) EXCEPCIÓNS.

A disposición adicional cuarta do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro (modificado polo Decreto 171/2021), contempla a posibilidade de excepcionar algún dos criterios establecidos nestas normas.

A excepción esixe os seguintes requisitos:

1. Solicitud fundada da federación.
2. A solicitude ten que ser aprobada pola AX da federación (o mellor é que sexa aprobada na mesma AX na que se aproba o regulamento electoral).
3. Coa solicitude debe achegarse unha memoria xustificativa dos cambios de criterios que se solicitan.
4. A excepción solicitada debe ter como fundamento lograr unha participación maioritaria.
5. Na memoria xustificativa debe apreciarse a imposibilidade ou a dificultade do cumprimento dos criterios que se pretenden modificar.

D) COMISIÓN XESTORA.

A comisión delegada ou, no seu caso a asemblea xeral debe nomear os titulares da comisión xestora e os seus suplentes. A xunta directiva nomeará tamén titulares e suplentes.

E) XUNTA ELECTORAL.

Crearase un enderezo de **correo electrónico** para a xunta electoral da federación que será independente de calquera outro da federación. A xunta electoral deberá enviar ese e-mail e un teléfono de contacto a elecciones2026.deporte@xunta.gal

F) MODELO DE REGULAMENTO E CALENDARIO ELECTORAL

O modelo de regulamento e calendario electoral están publicados na web <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2026>

En relación ao calendario electoral, garantírase que entre a data da proclamación definitiva de candidaturas (trámite 8 da Fase IV do calendario remitido) e a xornada electoral presencial (trámite 1 da Fase V) deben mediar como mínimo **10 días hábiles** para que se poida exercer o dereito ao voto por correspondencia.